

**Beatriz González Penalta**  
Técnica do medio ambiente

Concello da Pobra do Caramiñal  
Gasset, 28, 15940 A Pobra do Caramiñal  
T. 981 84 32 80 extensión 2008  
apobra.gal  
medioambiente@apobra.gal

EXPEDIENTE: 3970/2022

**Asunto:** TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DAS ZONAS DE SERVIDUME ACÚSTICA DOS GRANDE EIXES VIARIOS DA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA E PLAN DE ACCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA DA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA.

O Servizo de Medio Ambiente do Concello da Pobra do Caramiñal recibe na data do 15-11-2022 documentación sobre as zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da rede autonómica de Galicia e o Plan de acción contra a contaminación acústica da rede autonómica de estradas de Galicia.

Examinada os ditos documentos sometidos a información na sede electrónica do Concello desde o día 9-11-2022, no Concello da Pobra do Caramiñal existen varios núcleos de poboación e un centro de ensino que deberían considerarse nas actuacións previstas de mitigación con pantallas acústicas na AG-11, xa que están pegados á esa estrada. Estes núcleos son:

- a) Enlace da AG-11 co polígono industrial da Tomada, no lugar da Tomada.
- b) Lugar de Sende
- c) Lugar de Roupión e o Cruceiro
- d) Lugar do Freixo
- e) Lugar de Ouxo
- f) Centro de ensino CEP Pilar Maestú Sierra.

Dase traslado desta información á Corporación Municipal para que tome as medidas que considere oportunas.

Na Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital

Beatriz González Penalta  
Técnica do Medio Ambiente  
Concello da Pobra do Caramiñal

